



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## DECRETO 136/2007

### CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	<b>ORDINARIA</b>
Data da Sesión:.....	<b>6 de outubro de 2007</b>
Hora de celebración en primeira convocatoria:..... (a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)	<b>10:30 horas</b>

### ORDE DO DÍA

#### Parte substantiva

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDIENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 7 DE XULLO DO 2007.**

#### Control da xestión municipal

2. **APROBACIÓN, SE PROCEDE DA PROPOSTA DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2008.**
3. **APROBACION, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO.**
4. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**
5. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**
6. **APROBACION, SE PROCEDE, DO REFORMADO DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA "CAMIÑOS E ACCESOS NAS PARROQUIAS DE BOADO E CASTRO", INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007.**
7. **APROBACION, SE PROCEDE, DO REFORMADO DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA "CAMIÑOS E ACCESOS NAS PARROQUIAS DE BASCOI E CABRUI", INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007.**
8. **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (34/2007 a 47/2007) E DECRETOS DE ALCALDÍA (73/2007 a 133/2007).**
9. **DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 5 DE XULLO ATA O 13 DE SETEMBRO DE 2007.**
10. **DAR CONTA O PLENO DO DECRETO DE APROBACION DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2006 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN.**
11. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 3 de outubro de 2007.

O ALCALDE,

D<sup>a</sup> Mariano Iglesias Castro.

Ante min, A SECRETARIA,

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Fernanda Montero Parapar.



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2007.

### ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

### CONCELLEIRO/AS:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE  
D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE  
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE  
D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE  
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE  
D. Severino Álvarez Monteserín. PP  
D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez. PP  
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG  
D. Manoel Bello Salvado. BNG

### AUSENTES:

D. Ciriaco Varela Rotger PP  
(*Non xustifica a súa ausencia.*)

### SECRETARIA :

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Fernanda Montero Parapar.

En Mesía, a 6 de outubro de 2007, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratar os seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 7 DE XULLO DE 2007.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde explicando que a convocatoria responde a necesidade de dar cumprimento á periodicidade das sesións acordada na sesión organizativa e como este é o primeiro sábado posterior o segundo trimestre natural, procédese a levar a cabo a sesión ordinaria que corresponde.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 7 de xullo de 2007. Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

### **2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2008.**

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 2º punto da orde do día preténdese aprobar o proposta dos días festivos locais para o ano 2008, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os días festivos locais.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde-Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste Concello para o ano 2008.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Propoñer como días festivos locais para o ano 2008 o martes de Entroido e o día de San Antonio.

**Segundo.-** Darlle traslado do presente acordo a Delegación Provincial da Consellería de Traballo”.

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, Don Mariano Iglesias Castro, explica que estes dous días son os que xa estaban postos o ano pasado como festivos de carácter local, o martes de entroido, xa hai moitos anos que e tradición o feito de que sexa festivo e o día de San Antonio tamén no seu día se instaurou dado o carácter agrícola e gandeiro do noso concello, e por iso nos pareceu un día axeitado.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, que manifesta a súa conformidade coa proposta e no mesmo sentido se pronuncia o portavoz do grupo municipal do PP.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

### **3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DE INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO.**

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 3º punto da orde do día preténdese aprobar a solicitude da subvención para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican as características da subvención.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña).



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Tendo en conta a Orde de 20 de abril de 2007 pola que se Regula a Concesión de Subvencións aos Concellos de Galicia para a Redacción de Instrumentos de Planeamento Urbanístico,(D.O.G. Nº 79, 24-04-2007).

Sendo o obxecto da citada subvención a redacción de Plans xerais de ordenación municipal dos Concellos de Galicia cunha poboación que non supere a cifra dos 50.000 habitantes.

Non supoñendo a liña de axuda ningún tipo de achega municipal, o ser a actividade subvencionada do 100% do orzamento previsto segundo o disposto no artigo 12 da devandita Orde.

A vista da memoria xustificativa, máis do orzamento base estimado subvencionable para a redacción do plan xeral de ordenación municipal (OBES), calculado en CENTO DEZASEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS (116.554 €).

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Único.-** Solicitar a axuda prevista na Orde de 20 de abril de 2007 pola que se Regula a Concesión de Subvencións aos Concellos de Galicia para a Redacción de Instrumentos de Planeamento Urbanístico,(D.O.G. Nº 79, 24-04-2007)."

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, Don Mariano Iglesias Castro, explica que o feito de someter esta proposta o Pleno, e única e exclusivamente para cumprir un requisito de carácter legal, dado que a subvención xa foi solicitada no mes de xullo, e xa nos veu aprobada incluso cun cronograma de actuación determinado pero como a Orde contempla o feito de que se acompañe a solicitude do certificado do acordo plenario, a pesar de que esa é unha competencia que temos delegada na Xunta de Goberno, decidimos acatar a Orde, e cumprir o trámite esixido de remitir a aprobación da solicitude da subvención pola Corporación en Pleno.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, que dende o seu partido critica a actuación do equipo de goberno, por canto si se trata dun requisito preceptivo que se tiña que haber feito inicialmente antes de enviar a solicitude da subvención, pois consideramos que evidencia a concepción patrimonialista ou posesiva do equipo de goberno, e mais considerando que si se quere realizar unha política transparente, pois que é de rigor que un plan tan importante para o futuro deste Concello, antes de solicitala subvención, pois cando menos, ademais de ser preceptivo que se traia o pleno para que todos os grupos municipais que forman a pluralidade do goberno poidan manifestala súa postura, e neste caso considerando as circunstancias que se deron que tal como foi requirido pola Xunta de Galicia, este feito pode retrasar coa urxencia que necesitámo-lo Plan, pois vai retrasar uns tres meses, por ter carácter trimestral a periodicidade das sesións do Pleno que fixou o equipo de goberno, por iso aínda que coincidimos coa necesidade da aprobación do Plan, e por iso vamos a votar a favor, consideramos que se tiña que haber feito de outra maneira.

Seguidamente intervén o portavoz do grupo municipal do PP, quen tamén se posiciona a favor da aprobación da proposta, pero fai un rogo co permiso do Sr. Alcalde, pois entende que dada a importancia que o Plan Xeral ten para o concello, ademais da subvención haille que dar un impulso dende o concello.

O Alcalde-Presidente contesta ós portavoces dos partidos da oposición, con respecto o comentario que fai o Sr. Pedreira e indistintamente da valoración que lle mereza a nosa xestión, única e exclusivamente foi por non entrar en tesituras de carácter legal, pois esa competencia témola delegada na Xunta de Goberno, pero se nos requiriu que a solicitude fose aprobada en Pleno e así o



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

facemos, segundo non vai supoñer ningún retraso pois a subvención no contemplaba ningunha actuación antes do un de xaneiro de 2008, con respecto o que di o portavoz do PP, está totalmente de acordo con el, o cronograma de actuacións da subvención, contempla actuacións no ano 2008, 2009 e no 2010, fraccionando en anualidades de 23.000 euros, 46.000 euros e 46.000 euros a concesión da axuda, pero o concello terá a ben aportar todos aqueles recursos que sexan necesarios para darlle a maior axilidade o plan indistintamente de que vai que sufrir uns procesos que haberá que respectar.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

#### **4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.**

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 4º punto da orde do día preténdese aprobar a proposta de solicitude da subvención para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican as características da subvención.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

**“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente:

Visto o expediente tramitado sobre a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de recollida do lixo e servizos complementarios e existindo Informes favorables de Secretaria e Intervención, cumprindo a Ordenanza proxectada tanto na lexislación vixente como a vontade política do equipo de goberno, veño a propoñer o Pleno a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa de recollida do lixo e servizos complementarios conforme e nos termos establecidos polo ditame da Comisión Especial de Contas na súa sesión de data 4 de outubro de 2007.

Visto o informe de Intervención de data 26 de setembro de 2007, onde consta que en aplicación do artigo 107 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, e no artigo 22.2,d) da Lei 7/85 correspóndelle o Pleno a aprobación da Ordenanza reguladora da Taxa.

En atención o exposto, propono o Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple do número legal de membros da Corporación a imposición e ordenación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Recollida de Lixo e Servizos Complementarios.

**SEGUNDO.** Expoñer o público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO:** As reclamacións serán resoltas pola Corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da Ordenanza”.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, Don Mariano Iglesias Castro, explica que na lexislatura pasada foi aprobada esta ordenanza, pero foi impugnada por un veciño do concello, e no contencioso administrativo recolleuse a súa reclamación, ditándose unha sentenza que deixa en suspenso o acordo plenario, o entender que a tramitación da ordenanza carece dun trámite esencial, como é o estudo económico- financeiro de mesma, entónces o que se fixo agora foi redactar un informe técnico -económico onde aparecen perfectamente recollidos e definidos todos os custes directos e indirectos do servizo, de persoal, gastos en bens e servizos correntes, custes de recadación e tesourería, amortización do inmovilizado así como os servizos de recollida e transformación dos residuos, a lei impón que a ordenanza non pode aportar o concello mais beneficios do que custe o servizo, neste sentido dicir que queda sobradamente demostrado que a ordenanza anterior solo incumpriía nos formalismos legais, de modo que o que se fixo foi redactar mellor o estudo económico financeiro, mantendo todo o demais, o que nos permitiría incluso aumentala presión fiscal pero non é esa a intención do equipo de goberno.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, quen quere facer algunhas preguntas sobre certos detalles concretos da ordenanza, adiantando que lle parece bastante correcta e equitativa e que vai votar a favor dela, pero pregúntalle se existe algunha modificación nalgún dos establecementos que veñen regulados e especificados nas seis categorías que se establecen, e pregunta cal e o motivo polo cal os hoteis e casas rurais pagan a tarifa mais alta, e despois non sabe si e unha distribución mais o menos feita tipo, porque ve que hai definidos algún tipo de establecementos que non cree que haxa no concello como carnicerías, peixerías... e pregunta porque pagan menos as wisckerías e pubs que os bares e restaurantes, e se hai algún tipo de establecemento deste tipo no concello, e prega o alcalde dende o seu partido que unha vez posta en funcionamento esta ordenanza, se intente cada vez un acercamento o que é a recollida selectiva do lixo, poñendo mais contedores de papel nas parroquias.

O portavoz do PP, manifesta a súa intención de votar a favor, porque lle parece que en comparación cos concellos limítrofes a taxa non e esaxerada.

O alcalde en contestación os respectivos portavoces explica que a tarifa que se lle aplica a cada tipo de establecemento non se modificou en modo algún, o feito de que o Sr. Pedreira poida considerar que uns teñen unha tarifa mais elevada que outros, repetirlle que a ordenanza e un calco da outra, que solo se modificou o estudo económico financeiro, a regulación de locais que poida que non existan no concello ten a súa razón de ser, en que si algún día existiran que taxa se lles impondría. Con respecto o da recollida do lixo e algo no que coincidimos, pero hai que recoñecer que con respecto a este tema na lexislatura anterior fíxose un gran esforzo, incrementouse en nun 50% o número de contedores, se adecuaron, prepararon e fixaron os sitios onde están cada un deles, se aumentaron os contedores de recollida de vidro, coído que non hai parroquia que non teña algún e se puxeron cerca dos locais comerciais. Considero que se mellorou moitísimo neste tema, e é intención do equipo de goberno seguir mellorando.

Con respecto as tarifas, agradécelle o portavoz do PP as súas palabras porque non deixa de ser un recoñecemento a verdade, xa que si no seu día a ordenanza puido ser criticada considerando elevado o prezo, agora estámonos dando conta que as tarifas son moito mais baixas que noutros concellos.

Intervén o Sr. López Ares, para explicala sentenza ditada polo que se anulou a ordenanza anterior, precisando que en ningún momento lle da a razón o veciño que a reclamou, porque a súa reclamación tiña por obxecto denunciar o carácter abusivo das tarifas, mentres que a sentenza fundamenta a anulación da ordenanza no feito de omitir na tramitación da mesma un trámite



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

esencial como é o estudio económico- financeiro, que aínda que este se fixo o Xuíz non o considerou axeitado. Ademais comparado a outros que viu e un estudio mais que suficiente, pero hai que acatala sentencia, deixando moi claro que si a aplicamos estritamente non solo non son axeitadas as tarifas senón que deberíamos subilas.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

## **5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 5º punto da orde do día preténdese aprobar a proposta de modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmobles, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican as características da mesma.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde-Presidente do Concello de Mesía (A Coruña),

Examinada a modificación efectuada na Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmobles no Concello de Mesía.

Téndose posto de releve a necesidade de reflexar na Ordenanza as modificacións introducidas no RDLex. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais así como no RDL 1/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, pola Lei 16/2007 de 5 de marzo, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo na súa sentencia de 30 de maio de 2007 pola que se declara nulo e expulsa do ordenamento xurídico parte da redacción do artigo 23 do Regulamento de desenrolo da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por RD 417/2006 de 7 de abril.

Proponse o Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles no Concello de Mesía, nos termos incluídos na Proposta de Modificación obrante no expediente.

**Segundo.-** Expor ó público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, por un prazo de 30 días.

**Terceiro.-** As reclamacións serán resoltas pola Corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da Ordenanza”.

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, Don Mariano Iglesias Castro, explica que nos concellos pequenos as ordenanzas son un calco da lei, por iso ao modificarse o RDL 2/2004 e o RDL 1/2004, e preciso modificar a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmobles, especificando que o único relevante e a subida do tipo impositivo aplicable os bens de características especiais, onde a partir de agora se inclúen os parques eólicos, tendo un carácter técnico as restantes modificacións.



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, o Sr. Pedreira manifesta a súa conformidade coas modificacións, incluíndo a subida do tipo impositivo referenciado.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

### **6. APROBACION, SE PROCEDE, DO REFORMADO DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA “CAMIÑOS E ACCESOS NAS PARROQUIAS DE BOADO E CASTRO”, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007.**

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 6º punto da orde do día preténdese aprobar a proposta de do reformado do proxecto da obra denominada “camiños e accesos nas parroquias de Boado e Castro”, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican as características da mesma.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobado no seu día o **PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007**, cuxas Bases se coñeceron e aceptaron na súa totalidade e no que se recolleron os investimentos que o Concello ten previsto realizar no PCP 2007.

Aprobados os proxectos dos investimentos incluídos na anualidade 2007 do Plan de Cooperación Provincial.

Facéndose necesario a reforma do Proxecto da obra denominada “Camiños e Accesos nas parroquias de Boado e Castro”, preséntase ante a Corporación en Pleno, Reformado do Proxecto, xustificándose a reforma na concesión dunha subvención pola Consellería do Medio Rural destinada a financiar unha parte das obras que pola súa urxencia se incluíron no Plan de Cooperación Provincial 2007. Deste xeito a reforma consiste na substitución das obras Camiño de Castro o Casal (Castro), por catro camiños: pavimentación en Castro, pavimentación en Souto, camiño no Outeiro, e Bacheo Rede Xeral nas parroquias de Boado e Castro. Tendo previsto incluír a obra Camiño de Castro o Casal(Castro), na subvención da Consellería do Medio Rural.

Visto que o cambio no altera as características da obra inicialmente prevista no Proxecto, posto que se realizarán no mesmo sitio e se destinarán os mesmos usuarios,

Propoño o Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º) Aprobación do reformado do Proxecto da obra denominada “Camiños e Accesos nas parroquias de Boado e Castro” incluída no Plan de Cooperación Provincial de 2007.

2º) Declarar que o novo camiño no que se vai levar a cabo a obra e de propiedade do Concello.

3º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde - Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, así como a notificación do mesmo a Exma. Deputación Provincial de A Coruña”.

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, Don Mariano Iglesias Castro, explica que cando se redactou o plan de cooperación provincial se incluíron unha serie de camiños que era necesario arranxar, algún deles xa no seu día foron solicitados a Consellería de Medio Rural, pero



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ante o feito de que non recibiamos contestación e que os camiños tiñan unha necesidade grande de arranxar incluíronse no PCP, antes de iniciala súa execución, tivemos notificación da Consellería de que nos concedían a subvención para acometer esas obras anteriormente solicitadas e por iso facémolo reformado do proxecto do PCP, trasladando os cartos destinados o arranxo dos camiños que nos vai facer a Consellería a outras obras na mesma parroquia. Esta Non e a primeira vez que se trae un reformado ao Pleno, xa o fixemos en moitas outras ocasiónes.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

**7. APROBACION, SE PROCEDE, DO REFORMADO DO PROXECTO DA OBRA DENOMINADA “CAMIÑOS E ACCESOS NAS PARROQUIAS DE BASCOI E CABRUI”, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007.**

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 7º punto da orde do día preténdese aprobar a proposta de do reformado do proxecto da obra denominada “camiños e accesos nas parroquias de Bascoi e Cabrui”, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican as características da mesma.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobado no seu día o **PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007**, cuxas Bases se coñeceron e aceptaron na súa totalidade e no que se recolleron os investimentos que o Concello ten previsto realizar no PCP 2007.

Aprobados os proxectos dos investimentos incluídos na anualidade 2007 do Plan de Cooperación Provincial.

Facéndose necesario a reforma do Proxecto da obra denominada “Camiños e Accesos nas parroquias de Bascoi e Cabrui”, preséntase ante a Corporación en Pleno, Reformado do Proxecto, xustificándose a reforma na concesión dunha subvención pola Consellería do Medio Rural destinada a financiar unha parte das obras que pola súa urxencia se incluíron no Plan de Cooperación Provincial 2007. Deste xeito a reforma consiste na substitución das obras Camiño da Raíña a Tieira Grande (Cabrui), por dous camiños: Camiño a Zacotes de abaixo (Cabrui) e Bacheo Rede Xeral na parroquias de Bascoi e Cabrui. Tendo previsto incluír a obra Camiño da Raíña a Tieira Grande (Cabrui), na subvención da Consellería do Medio Rural.

Visto que o cambio no altera as características da obra inicialmente prevista no Proxecto, posto que se realizarán no mesmo sitio e se destinarán os mesmos usuarios,

Propoño a adopción dos seguintes acordos:

1º) Aprobación do reformado do Proxecto da obra denominada “Camiños e Accesos nas parroquias de Bascoi e Cabrui” incluída no Plan de Cooperación Provincial de 2007.

2º) Declarar que o novo camiño no que se vai levar a cabo a obra e de propiedade do Concello.

3º) Facultar expresamente ó Sr. Alcalde - Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, así como a notificación do mesmo a Exma. Deputación Provincial de A Coruña”.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Terminada a lectura da proposta o Alcalde-Presidente, Don Mariano Iglesias Castro, explica que este punto e similar o anterior cambiando simplemente as parroquias, empregándose os cartos na mesma finalidade, arranxo de camiños.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros da Corporación.

### **8. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (34/2007 a 47/2007) E DECRETOS DE ALCALDÍA (73/2007 a 133/2007).**

Comeza o Sr. Alcalde explicando que se trata das resolucións e decretos adoptados no terceiro trimestre do ano dándolle a palabra os portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, portavoz do grupo municipal do BNG, pedindo unha aclaración con respecto os seguintes Decretos e Resolucións:

- Decreto 105/2007, quería saber cal é o motivo polo que sempre se lle adxudican as obras as mesmas empresas.
- Decreto 110/2007, contratación Elena Roco Moro, como animadora deportiva, contrato de interinidade hasta provisión de posto, quería saber como vai ser esta provisión de posto, se vai ser definitiva, persoal laboral, convenio colectivo, lexislación vixente, quería saber a que convenio se refire, si hai algunha previsión de aplicar un convenio colectivo para todo o concello, individual para cada persoa en función da prestación de servizos de cada traballador, se sería positivo un convenio colectivo propio do concello.
- Decreto 123/2007 , subvención ASDECOMOR, quería que me explicara en que consiste esta subvención, en que se van invertelos cartos.
- Decreto 126/2007, subvención da Consellería da Presidencia, cesión en propiedade de dous ordenadores, parece paragórico a expresión “cesión en propiedade” ou e cesión ou é propiedade, ou temos que devolvelos ordenadores pasado un certo tempo.
- Resolución 047/2007, subvencións a entidades e asociacións culturais, sociais e deportivas, quería coñecer os criterios que se aplican , porque a subvención mais alta e para o equipo de fútbol de Visantoña, porque a mais pequena foi para a Asociación Cultural Bieito Fandiño e Asociación Cultural Amigos da capela Daxán.

Toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, manifestando a súa curiosidade en relación co contrato de Elena Roco Moro e tamén sobre o tema do Museo das Braña.

O Sr. Alcalde comenza respondendolle o sr. Pedreira, indicando que tamén se dará por respndindo o Sr. Alvarez Monteserín, dado que preguntou sobre os mesmos temas.

- Decreto 105/2007, con relación o procedemento de contratación das obras estas adxudícanse normalmente por procedemento negociado, achegando a invitación formal a participar no procedemento como mínimo a tres empresas, si se adxudica sempre as mesmas empresas e porque atendendo o prego de cláusulas



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

administrativas, estas empresas son as que reúnen as mellores condicións, en todo caso o procedemento e totalmente transparente, cumprindo tódolos requisitos esixidos na lei.

- Decreto 110/200, contratación de Elena Roco Moro , fíxoselle este contrato porque e evidente a necesidade da prestación deste servizo, por iso se lle fai o contrato de interinidade hasta a provisión definitiva, procedendo cando se considere oportuno a incorporar esta praza na Relación de Postos de Traballo. En relación co convenio colectivo aplicable, é o que regula estas actividades e axustase completamente a lei. Este concello ten un plantilla grande de traballadores pero a súa estabilidade non é moita porque dependen de subvencións, por iso un convenio propio do concello non é moi necesario.
  
- Decreto 123/2007, subvención de ASDECOMOR, é unha subvención que se vai a inverter nas zonas da Valga en Visantoña, destinándoa ao acondicionamento do edificio. Na segunda planta vaise implantar un museo que recolla as cousas características da zona, e na primeira planta unhas aulas didácticas que xiren en torno o mesmo.  
Intervén o Sr. López Ares, Primeiro Tenente de Alcalde, para explicar que ASDECOMOR e un organismo que se creou para xestionar as subvencións da xunta.
  
- Decreto 126/2007, fala vostede de cesión, solo lle podo dicir que aquí se plasmou literalmente a expresión recollida no convenio de cesión, tratándose de meros formulismos legais, loxicamente non hai que devolveos, son para quedar no concello.
  
- Resolución 047/2007, criterios a seguir na concesión das subvencións a asociacións do concello, este criterios son os que estaban establecidos nas bases da convocatoria, dándolle o equipo de fútbol de Visantoña unha subvención tan elevada porque é moi caro manter un equipo como ese, son entidades que xeneran moito gasto e non contan con moitos recursos propios dependendo polo tanto das axudas, pero a miña intención e ampliar estas axudas, para evitar que desaparezan. E me gustaría que a pregunta fose porque se lles da tan pouco.  
Intervén a Sra. Sánchez Ulloa, concelleira do Partido Socialista, para explicalos criterios que se tiveron en conta, que son criterios que usa a deputación para conceder as súas axudas, explicando a necesidade de conceder axudas as asociacións como no caso da APA.

Intervén o Sr. Álvarez Monteserín, para facer unha reflexión sobre o tema das Brañas, parecéndolle ben que se invertan os cartos pero gustaríalle que a diferenza doutros concellos, esa inversión fose reflexiva, e que o día en que se faga resulte útil, e non unha área da natureza a que non vai ninguén.

Contéstalle o Sr. Alcalde, dicíndolle que era algo que xa estaba iniciado e vémonos na obriga de sacalo a diante.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

### **9. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 5 DE XULLO ATA O 13 DE SETEMBRO DE 2007.**

Novamente o Sr. Alcalde comenta que visto que os concelleiros teñen copia das actas obxecto do presente punto da orde do día daránselle as aclaracións que soliciten sobre as mesmas.

Intervén o Sr. Pedreira Candal, solicitando aclaración sobre os acordos adoptados nas seguintes sesións:

- Sesión de 13 de setembro de 2007. gustaríalle sabelo problema que houbo con Campobrick,
- Sesión 2 de agosto de 2007. en relación coa necesidade de crear un paso de peóns no núcleo rural de Visantofña, quería coñecer a súa ubicación concreta.

Intervén o Sr. Alcalde, para resolverlle as dúas cuestións formuladas polo portavoz de grupo nacionalista, explicándolle, que en relación con Campobrick, estase a realizar unha extracción na parroquia de Albixoi, nunha parcela que limita cun camiño de titularidade municipal, causando as citadas extracción danos no camiño, por iso o concello ademais de requirirle a presentación dun proxecto para o arranxo do camiño, se lle solicitou a presentación da oportuna licenza para a extracción, non sendo presentada pola empresa por carecer dela.

En relación a colocación do paso de peóns en Visantofña, foron os veciños os que me comunicaron a necesidade do mesmo, tendo prevista a súa colocación entre a Igrexa e a praza, por ser onde se producen máis aglomeracións de xente. No caso de necesitarse noutros sitios, tamén se terá en conta.

### **10. DAR CONTA O PLENO DO DECRETO DE APROBACION DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2006 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN.**

O Sr. Iglesias Castro, alcalde do concello explica que senón hai ningún inconveniente pasamos o seguinte punto, pois este tema xa foi tratado na sesión da Comisión Especial de Contas.

Visto que tódolos membros da Corporación están de acordo e non teñen máis que engadir pasase o seguinte punto.

### **11. ROGOS E PREGUNTAS.**

Pásalle a palabra o Sr. Alcalde ó portavoz do grupo municipal do BNG o Sr. Pedreira Candal que pregunta sobre a tramitación das modificacións de crédito ao amparo do 2006, e sobre si se ten pensado facer o orzamento para o ano 2007, o se vai continuar co prorrogado.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Intervén o Sr. Iglesias Castro, explicándolle ao Sr. Pedreira Candal, que non sería lóxico facelo presuposto para este ano, pois cando se terminara a súa tramitación, xa non daría tempo a que entrase en vigor este ano.

Toma a palabra ó Sr. Álvarez Monteserín, que pregunta si é certo que se vai pechar o Centro de Saúde de Visantón, ou se sinxelamente é un rumor. Fai unha segunda pregunta sobre a construción de beirarrúas en Visantón.

Intervén o Sr. Iglesias Castro, explicando que non ten coñecemento sobre o tema, nin por parte do pobo nin por parte de ningún organismo. En relación coa construción das aceras, teño que dicir que é unha competencia da Consellería de Política Territorial, trátase dunha obra que está apalabrada, que se vai facer, pero non teño unha data concreta.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria - Interventora, certifico.



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

D<sup>a</sup> MARÍA FERNANDA MONTERO PARAPAR, SECRETARIA DO CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA).-

C E R T I F I C O: Que o Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 6 de outubro de 2007, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“**D. MARIANO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde-Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste Concello para o ano 2008.

Vista a proposta, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.**- Propoñer como días festivos locais para o ano 2008 o martes de Entroido e o día de San Antonio.

**Segundo.**- Darlle traslado do presente acordo a Delegación Provincial da Consellería de Traballo.”

E para que conste e os oportunos efectos expido a presente, en MESIA, a doce de decembro de dous mil sete.